



**ACTA NÚM. 04/2.015 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO DO DÍA 08 DE MAIO DE 2.015**

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, na parroquia de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e vinte minutos do día oito de maio do ano dous mil quince, reúnense a Xunta Veciñal da devandita Entidade baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (PP), para celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (PP).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ (PP).
- D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).
- D. PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Dolores Miguélez Casás.

Actúa como secretario, Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día circulada ó efecto.

**1. ACTA Nº 3/2015 DE DATA 30-03-2015.**

Non habéndose formulado observación algunha á acta número 3/2015, de data 30/03/2015, considérase aprobada polos votos favorables da unanimidade dos membros presentes.

**2. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PEDANÍA.**

Pola Presidencia dáse conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 04-03-2015 ata o día 30-04-2015, da que se entregou copia aos membros asistentes do grupo político do PP, quedando a Xunta enterada.

**3. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO DE 2014.**

Coa a venia da Presidencia a Interventora aclara que este punto e o seguinte están relacionados e van unidos nun mesmo expediente.

A Presidencia dá conta do Decreto da Alcaldía Pedanía, de data 09-04-2015 polo que se aproba a liquidación de 2014, quedando a Xunta enterada.

**4. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2014 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA EVALUACIÓN DA ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO.**

A Presidencia dá conta do informe de intervención de data, 09-04-2015, sobre a avaliación da estabilidade e regra do gasto do ano 2014, quedando a Xunta enterada.



## 5. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2015.

A Presidencia le a proposta da alcaldía Pedanía de data 26-02-2015, que é do teor literal seguinte:

*“No exercizo 2015 recibíronse as seguintes facturas correspondentes a gastos efectuados en exercizos anteriores:*

FACTURA	DATA	FORNECEDOR	IMPORTE	CONCEPTO
13-0-4748	03/08/2013	PANADERÍA LA ESTRELLA, SL	294,68	CATERING PRESENTACIÓN CENTRO CULTURAL
A/163	31/12/2014	GRUPO E.TANO BUDIÑO SL	2.401,85	REPARACIÓN PISTAS EN CHENLO
			<b>2.696,53</b>	

**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414.PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

*Tendo en conta que no Orzamento para o exercizo 2015 (prorrogado de 2012) existe crédito adecuado e suficiente para a aprobación da citada factura e considerando que na súa tramitación se cumpren os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (art. 60 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o art. 50 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro e art. 448 do Real Decreto Lex. 781/86, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o informe de Intervención de data 26 de febreiro de 2015 en sentido favorable, coas observacións mencionadas no mesmo, propónse a adopción do seguinte acordo:*

- 1) Aproba-lo recoñecemento extrajudicial de crédito 1/2015, por importe total de 2.696,53 euros, correspondente a gastos realizados en exercizos pechados, que non se imputaron ó correspondente exercizo, por non terse remitida a factura polo proveedor no exercizo correspondente.*
- 2) Que tal recoñecemento de crédito sexa con cargo ás partidas do orzamento vixente, por existir neste, crédito non comprometido para o recoñecemento extrajudicial das facturas indicadas, sen menoscabo do bo funcionamento dos servizos.*
- 3) Que a aprobación destes gastos dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren.*

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita quedando aprobada, co seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 4** DE MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ, D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ E D<sup>a</sup>. MARÍA DOLORES DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ. (PP).

**ABSTENCIÓN: 1** DE PABLO NOVO GONZÁLEZ (BNG).


## 6. CRÉDITO EXTRAORDINARIO 1/2015.

A Presidencia le a proposta da alcaldía Pedanía de data 30-04-2015, que é do teor literal seguinte:

*“Asunto: Crédito extraordinario 1/2015*

*Resultando que a liquidación do exercizo 2014 aprobada por decreto da Alcaldía de 9 de abril de 2015, determina un remanente de tesorería para Gastos Xerais ascende o importe de 212.517,34 €, dos que o informe de Intervención estima como susceptible de utilización a súa totalidade,*

*Visto o establecido na Disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostemibilidade Financeira, engadida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público*



**Entidad Local  
Menor de Chenlo**

CN.º R.E. 0436003  
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.  
36414 PORRIÑO  
(Pontevedra)  
TÉLF.: 608 88 62 22

Considerando o disposto na memoria desta Alcaldía, Os gastos cuxa dotación orzamentaria son obxecto deste expediente teñen carácter de urxentes e inaprazábeis ata o próximo exercicio sendo necesarios para atender as demandas urxentes dos nosos veciños, segundo se detalla a seguir:

Á vista da memoria xustificativa, da necesidade e urxencia do gasto emitida por esta Alcaldía e do informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente a concesión do crédito extraordinario nº 1/2015 habilitando a dotación de crédito necesario nas seguintes partidas de nova creación:

Prog	Econ	NOMPARTIDA	Crédito €
171	62300	Parques e xardíns. Maquinaria.- Adquisición tractor	62.000,00.-
1531	62300	Sinalización vertical	7.300,00.-
172	62400	Protección medio ambiente. Adquisición vehículo todo terreno	21.000,00.-
172	62300	Bomba de auga para instalación en vehículo todo terreno	6.000,00.-
454	61900	Convenio co Concello para mellora camiños veciñais	34.000,00.-
153	62200	Construcción de nave-almacén para materiais diversos	25.000,00.-
<b>TOTAL</b>			<b>155.300,00.-</b>

Que se financiará do seguinte xeito:

87000 Remanente de Tesourería para gastos xerais.....	155.300,00.-€
---	---------------

**Segundo:** Que unha vez adoptado o acordo provisional se expoña ó público mediante edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios desta Corporación polo período de quince días hábiles, durante o cal os que teñan a condición de interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, en cumprimento do disposto nos artigos 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 20.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

**Terceiro:** Este expediente de modificación de crédito considerárase definitivamente aprobado, de conformidade cos artigos citados no apartado anterior, se durante se durante o citado prazo non se presentaran reclamacións.

Seguidamente o Presidente somete a votación a proposta anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros presentes desta Xunta Veciñal (4 do PP, e 1 do BNG)

Non habendo na máis asuntos que tratar o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e trinta minutos do día ut supra. Dou fe.

